



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: SQM

Extracto da resolución 1570/2026 do Alcalde en funcións de data 04/08/2026 pola que se acorda aprobar as bases da reguladoras do programa “As Pontes Emprende de axudas municipais para a creación de empresas para o ano 2026.”

Primeiro.- Beneficiarios.

Poden ser obxecto desta subvención os novos proxectos empresariais emprendidos no ámbito deste concello por empresarios/as individuais ou a través de pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, que tivesen iniciado a súa actividade, cunha antigüidade máxima de 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.

Segundo.- Obxecto.

Este programa ten por finalidade incentivar a creación de novos proxectos empresariais e en xeral fomentar a actividade empresarial, contribuíndo deste xeito á xeración de emprego no ámbito municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez.

Terceiro.- Bases reguladoras.

El programa se regirá polas bases reguladoras específicas, que foron publicadas no BOP número 150, do 10 de agosto 2026, disponibles en:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2026/08/10/2026_0000005195.pdf

Cuarto.- Contía.

Destinaranse un importe de 15.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2026.433.47000 e de 25.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2026.433.77000.

Quinto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com/e/index.html>.

O prazo será desde o día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria das presentes bases en Boletín oficial da provincia da Coruña e ata o 30 de setembro de 2026.

Sexto.- Pago da subvención.

O pago da subvención levarase a cabo mediante un pago único, previa comprobación de que a documentación xustificativa presentada é a correcta de conformidade co obxecto da subvención, e tendo en conta que esta xa deberá formar parte da documentación que acompaña á solicitude.

Sétimo.-Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

As Pontes de García Rodríguez

O Alcalde en funcións



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: SQM

Manuel Rodríguez López